

29

Buenos Aires, agosto 20 de 1957.-

Señor
César Alvajar
París
Francia

Querido amigo Alvajar:-

Perdóname a tardanza en contestar a tua carta derradeira, na que nos fixabas as condicións pra manter ahí unha representación de Galicia, a cual estaría, naturalmente, ao teu cargo. Por unha parte eu anduven estos días moi atarefado e pol-a outra, o contido da túa require doado estudio e moitas cousas máis.-

Isa carta -eisi coma todas as outras túas- foi lida e considerada nunha xuntanza especial do Consello de Galicia, con asistencia do núcleo que o asesora e o sostén económica e políticamente. E decir, o núcleo de dirixentes esforzados -cáseque sempre os mesmos- que despois de tomar acordos teñenos que facer efectivos nas súas institucións.-

Houbo acordo total nos seguintes puntos:
1º-Na necesidade urxente de soste aí unha representación; 2º-En que a persona encargada desa representación tes que ser tí;
3º-Nas liñas xeerais do plan de traballo que nos esbozas na túa carta; 4º-En que a nosa representación ten que desenvolverse con decdrosa folgura, pra tratar de igoal a igoal as outras representacións similares; 5º-Na satisfacción que nos produxo a todos o teu enfoque do que hay que facer no orden político e cultural, pra que o nome de Galicia i-as súas cousas sexan doadamente coñecidas no mundo, dende París. Incluso nos conmove fondamente o xeneroso sacrificio que tí tes que facer en orden á túa comodidade e seguridade persoal pra mellor servir o cargo.-

Te preguntarás, naturalmente: ¿Entón que falta? Voucho a decir: o que "aínda" falta e que estamos tratando de conquistar o antes posibel é a "seguridade" de poder aportar mensualmente con absoluta regularidade os 12.000 pesos arxentinos, 100.000 francos ou 300 dólares que, según os teus cálculos, costaría manter a delegación. Temos algúns datos do que costa a vida en París; temos os datos do teu meio de vivir ahí, que nos das na túa cartas e por eso non podemos considerar eisceciva a

/suma que tí nos asinalas. E, efectivamente moi módica en relación con eso.-

Agora ben; e moi certo que ás sociedades que integran a coleitividade galega de Buenos Aires seríalles moi fácil reunir esa suma se "todas" elas así como "todos" os seus asociados tiveran o mesmo sentido político i-o mesmo fervor galeguista ao que tí -apuntando moi ben- te refires na túa carta. Mais, nas sociedades "hay de todo" especialmente cando se trata de aportar diñeiro. Adoitan a dal-o por "estepas" i-en pequenas "diócesis", como decia certo alcalde, referíndose a "dósis" e a "etapas".- Pol-o demáis o recente Congreso da Emigración Galega costou medio millón de pesos argentinos, e o libro, que sairá un destes días, coas ponencias, ditámenes e demáis costará máis de 50.000 pesos. E, como che decia denantes, "os bos e xenerosos" son cuáseque sempre os mesmos.-

Dígoche todo isto, non pra que te desanimas, senon que pra eisplicarche as dificultades con que tropezamos pra tomar decisións definitivas coa rapidez que tí e nós quixéramos. De todol-os xeitos este e o primeiro e máis importante problema que temos a resolver e que resolveremos se Deus quer.-

Namentras, ti non perdas os fíos que xa teñas tomados e non deixes de añudar outros encol do asunto. Por iste mesmo correo damos órden a "Galaxia" pra que pol-a nosa conta che manden publicacións que che sirvan de documentación pros teus traballos de órden inteleitual. Pol-a nosa parte tere-moste ao tanto de calquera novidade que se produza e que agardamos sexa o envío das credenciales que te acreten como representante de Galicia en París.-

-- -- --

Por eiquí anduvo Salvador de Madariaga, traído pol-o "Congreso para la Libertad de la Cultura". A aituación eiquí do noso veciño, residente en Oxford, foi verdadeiramente sensacional. Deu varias conferencias -unha delas na "Federación de Sociedades Gallegas"- cos locais abarrotados e centenaes de ouvintes de pé. Incluso a derradeira dada nun gran Teatro cuia metade do público tuvo que quedar fora i-escoitalo por parlante. Foi recibido en Corporación pol-a Universidad de Buenos Aires nunha magnífica cerimonia. A víspera de salir pra Chile asistíu a unha cena íntima que lle ofreceu na súa residencia particular o Presidente Provisional da República General Aramburu.-

Nas conferencias -que él calificó de meditacións- e así como en entrevistas coa prensa, ratificou a súa coñecida posición liberal-monárquica fronte ó problema de Hespaña, pero tratando con gran respecto ós republicanos que dividiu en "dogmáticos" e "pragmáticos"; os primeiros "república ou nada" e os outros como "del lobo un pelo". Naturalmente él máis amigo de estes que daqueles. Combatíu o réximen franquista con elegante ferocidade, analizando con profundidade e gracia e agoirando a súa irremediabel caída a mais ou menos curto prazo. Tivo ao respecto unha frase de moito éisito: "Ao revés dos cadáveres correntes, que primeiro morren e despois corrompense, o réximen 9dixo- xa está corrompido antes de morrer."

Nós, aparte de asistir a todol-os aitos, tivemos con él unha moi cordial entrevista. Entregámoslle un "memorándum", claro, conciso e ouxetivo -tipo profesor de Oxford- encol do problema de Galicia e do seu desenrolo, dentro e fora, dende o comenzo da guerra civil, con copiosa documentación e así como varios libros que él non coñecía. Informámoslle das nosas relacións con Galicia e do que alí se está facendo, en todo o cual amostrouse moi interesado.-

Ratificóu a súa posición federalista en base de unhas Hespañas plurales e manifestouse moi de acordo co texto do Estatuto Galego no tocante á persoalidade autónoma da parroquia no municipio e do municipio no réximen, e decir unha democracia de abaixo pra riba. En fin, nós quedamos contentos de habel-o informado, dado o significado universal da súa persoalidade, í-a sua condición de galego da que fixo alarde en público i-en privado, e así como no xeito sutil de "Meditar" os problemas con moito de "remoído trasacordo". ¿A tí que che parece?

E nada máis por oxe. Saúdos cordiales destes amigos. Da miña parte saúda a Sánchez Guerra, a Fernando Valera e a cantos me recorden para ben. Pra tí unha forte aperta do teu decote amigo,



Ramón Suárez Picallo